

CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E LEO PHARMA PARA A ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA "XORNADA SOBRE A XESTIÓN DA DEMANDA EN ATENCIÓN PRIMARIA: COMPARTINDO EXPERIENCIAS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Axencia para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) asinou con Laboratorios LEO Pharma, S.A. (LEO Pharma) o 04.12.2023 o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio vai dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, podendo prorrogarse de forma expresa cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar na celebración da *"Xornada sobre A xestión da demanda en Atención Primaria: Compartindo experiencias"*.

Coa finalidade de lograr o devandito obxecto, LEO Pharma comprométese a realizar unha achega económica a ACIS de dous mil euros (2.000,00 €).

Pola súa banda, a ACIS comprométese a difundir a participación da entidade colaboradora na *"Xornada sobre A xestión da demanda en Atención Primaria: Compartindo experiencias"*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, créase a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e apróbanse os seus estatutos. A posta en funcionamento efectivo da Axencia tivo lugar o 1 de xaneiro de 2016, coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os obxectivos estratéxicos da ACIS están o de elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e o de xestionar o coñecemento no sistema público de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos a ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado regula determinados beneficios fiscais que poden aplicarse as persoas físicas ou xurídicas que colaboren no financiamento de actividades daquelas entidades que poidan ser beneficiarias do mecenado.

O artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro declara como entidades beneficiarias do mecenado ao Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos Autónomos do Estado e as entidades autónomas de carácter análogo das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. En consecuencia, a ACIS pode ser receptora de achegas económicas que dean dereito aos aportantes a obter beneficios fiscais dos regulados na Lei 49/2002.

Segundo o Artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro entenderase como convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral aquel polo cal as entidades ás que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades efectuadas en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica, comprométese por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración empresarial non constitúe unha prestación de servizos.

A ACIS vai realizar a *"Xornada sobre a xestión da demanda na Atención Primaria: Compartindo experiencias"* en Santiago de Compostela, dirixida a persoal directivo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, cargos intermedios de atención primaria e representantes de sociedades científicas e colexios profesionais das disciplinas de atención primaria.

O obxectivo principal da actividade é avaliar o desenvolvemento dos diferentes modelos de xestión da demanda implantados no ámbito da atención primaria do sistema nacional de saúde. Os obxectivos secundarios son: Explicar o proceso organizativo dos diferentes modelos asistenciais para a xestión da demanda na atención primaria, analizar os resultados obtidos da implantación dos diferentes modelos asistenciais e examinar as fortalezas e debilidades de cada un dos modelos para a xestión da demanda implantados na atención primaria.

LEO Pharma é unha empresa privada que conta entre os seus fins co de procurar o benestar dos pacientes con enfermidades dermatolóxicas e trombooses e está interesada en colaborar coa ACIS na actividade descrita.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

